

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

Resolución do 9 de setembro de 2009 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Instituto Galego de Estatística no segundo cuadrimestre de 2009.

De acordo co previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), onde se establece que os organismos autónomos dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia deberán publicar cuadrimestralmente no *Diario Oficial de Galicia* unha relación dos convenios de colaboración asinados no cuadrimestre anterior e, en virtude das facultades que teño concedidas,

RESOLVO:

Único.-Facer pública a relación de convenios subscritos polo Instituto Galego de Estatística nos meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2009, que se anexa a esta resolución.

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2009.

José A. Campo Andión
Director do Instituto Galego de Estatística

ANEXO

Convenio	Data de sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e a Universidade da Coruña para a realización dun proxecto de investigación dos métodos de estimación da varianza en enquisas responsabilidade do IGE.	8-5-2009	30.000 €
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e a Universidade de Santiago para a realización dun proxecto de investigación.	5-6-2009	30.000 €
Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Estatística e a sociedade <i>La Voz de Galicia, S.A.</i> (Programa Prensa-Escola).	25-8-2009	30.000 €

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 25 de setembro de 2009 pola que se fai público o contido do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e as entidades financeiras adheridas, polo que se establece unha liña de avais do Instituto Galego de Promoción Económica para facilitar ás empresas galegas o acceso ao financiamento operativo adicional.

Advertido erro na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 191, do martes 29 de

setembro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

-Na páxina 15.536, anexo III, na columna esquerda, debe engadirse: «Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Madrid-Caja Madrid».

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 23 de setembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante Orde do 4 de agosto de 2009 (DOG nº 156, do 11 de agosto), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica á funcionaria que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da funcionaria que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro en que cause baixa a funcionaria, así como a daquel en que obteña praza consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das cales se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e